

O presente documento informa daqueles acordos adoptados pola Comisión Permanente, como órgano colexiado encargado da elaboración e control do funcionamento das listas, en relación cos criterios a aplicar na interpretación do decreto 37/2006, para a resolución das reclamacións presentadas polas persoas aspirantes, especialmente en relación coa aplicación do artigo 18 do Decreto 37/2006, sobre posibles penalizacións.

Os acordos figuran ordenados segundo o número de acta e a data de xuntanza da Comisión Permanente na que se adoptou o criterio.

Naqueles supostos nos que un acordo posterior amplíe ou modifique parcialmente outro de data anterior, ambos, para facilitar a súa lectura, figurarán recollidos na mesma fila da táboa.

Acta e data	Temática	Acordo
Nº1 08/02/2007 Modificada Nº111 12/01/2017	Causa de forza maior por intervención cirúrxica ou internamento hospitalario.	Será necesario presentar a seguinte documentación: certificado do centro hospitalario no que conste a data do ingreso hospitalario e a data de alta, se esta xa tivera lugar. Efectos da reclamación en tempo e forma: estímase a reclamación, sempre que a citación ou a toma de posesión coincida co período no que a persoa interesada permaneceu ingresada, e se cumpran os requisitos de acreditación anteriormente sinalados, suspendéndose a estas persoas por tempo indefinido a contar dende a data da reclamación e informándolles que a suspensión se manterá en tanto á persoa interesada non presente solicitude de reincorporación.
Nº1 08/02/2007 Modificada Nº111 12/01/2017 Nº 143 26/11/2019	Causa de forza maior por embarazo de alto risco, proximidade do parto ou parto.	Cumprirá presentar a seguinte documentación: certificado médico no que se acrediten as circunstancias sinaladas. Efectos da reclamación en tempo e forma: estimarase a reclamación se cumpren os requisitos de acreditación anteriormente sinalados, suspendéndose a estas persoas por tempo indefinido a contar dende a data da reclamación e informándolles que a suspensión se manterá en tanto á persoa interesada non presente solicitude de reincorporación. No caso de nacemento, estimarase sempre e cando a madre biolóxica ou o proxenitor diferente da madre biolóxica se atopen dentro do período de descanso obrigatorio desde o parto ou nacemento. Nos casos de embarazo, cando as interesadas sexan chamadas para cubrir postos no CAPD de Sarria ou Redondela estimarase a reclamación, sendo suficiente con que acrediten o embarazo mediante o certificado médico correspondente
Nº1 08/02/2007	Causa de forza maior por morte dun familiar.	Entenderase causa de forza maior ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Será necesario presentar a seguinte documentación: certificado correspondente relativo ao óbito e ao vínculo de parentesco. Efectos da reclamación en tempo e forma: estimaranse as reclamación que cumpran os requisitos sinalados.
Nº1 08/02/2007	Causa de forza maior por accidente de tráfico.	Será necesario presentar a seguinte documentación: certificado ou parte da autoridade competente, garda civil, policía local... Efectos da reclamación en tempo e forma: estimaranse as reclamación que cumpran os requisitos sinalados.

Nº1 08/02/2007 Modificada Nº109 22/11/2016	Causa de forza maior por notificación tardía	No caso de notificacións mediante o servizo postal Pack 48 atenderase a data do segundo intento de notificación que deberá facerse con dous días hábiles de antelación para que a notificación sexa correcta (<i>Este redactado modificouse por acordo da Comisión Permanente recollido na acta nº109 do 22/11/2016</i>)
Nº1 08/02/2007	Adopción (tratamento específico para os efectos de suspensión de chamamentos)	Ao tratarse dunha circunstancia previsible as persoas interesadas deberán pedir a suspensión. No caso de que esta se adiante no tempo e nese intervalo se producise unha citación terán que acreditar esta circunstancia e estimaráselles a súa reclamación. Neste caso seguiráselle mantendo o mesmo período de suspensión agás que persoa interesada especifique un novo período. <i>A solicitude de suspensión de citacións a petición dos interesados terá os efectos e se manterá no tempo determinado no artigo 15 do Decreto 37/2006, modificado polo Decreto 124/2016.</i>
Nº3 26/02/2007 Modificada Nº28 24/09/2008 Nº 165 16/02/2022	Chamamentos recibidos para un mesmo día ou recibidos para distintos días sendo un deles telefónico	Establécese que no caso de que algunha persoa interesada reciba citacións nun mesmo día para prestar servizos en postos de traballo da mesma categoría, deberá comparecer necesariamente a un dos chamamentos. No caso de non ser seleccionado/a, deberá solicitar no mesmo acto ao órgano administrativo que faga constar a súa presenza para os efectos de non ser excluído/a da lista. No caso de recibir a notificación dunha citación por medio de postal <i>expres</i> (servizo postal), se a persoa interesada recibise para un/s día/s antes unha citación telefónica anterior á do día da selección a través de postal <i>expres</i>, deberá aceptar ese chamamento telefónico. <i>Na xuntanza número 28 da Comisión Permanente de 24/09/2008 aprobouse a seguinte modificación do anterior acordo:</i> A Comisión acorda que a partir desta xuntanza se aplique o mesmo criterio de xestión para todas as citacións por postal <i>expres</i> (servizo postal) que as persoas interesadas teñan nun mesmo día, independentemente se a cita é para a mesma ou distinta categoría, corpo ou escala. Isto implica que aqueles integrantes das listas que estean inscritos en varias categorías, corpos ou escalas e teñan máis dunha citación no mesmo día, poidan optar por presentarse a calquera delas, sen que isto supoña a súa penalización para a categoría, corpo ou escala á que non se presenten. <i>Na xuntanza número 165 da Comisión Permanente de 16/02/2022 adoptouse o seguinte acordo:</i> As persoas integrantes das listas que reciban unha citación electrónica están obrigadas a aceptar os chamamentos telefónicos que reciban nos días anteriores ao da selección ou resolución da citación electrónica.
Nº15 24/09/2007	Inexistencia de listas ou integrantes para unha determinada escala e/ou categoría. Ámbitos limítrofes.	No caso de non existir integrantes nun ámbito dunha determinada lista acudirase en primeiro termo ao chamamento en ámbitos limítrofes. <i>“No caso de non existiren listas nunha determinada categoría ou cando ésta careza de integrantes debe acudirse ao o procedemento recollido no artigo 7.6 do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Asemesmo no caso de non existir listas ou non haber integrantes nela no caso de interinos deberá solicitarse a esta comisión a adopción dun acordo expreso que permita acudir a outras listas”</i>

Nº29 15/10/2008 Modificada Nº129 19/07/2018	Cómputo número de horas diarias e días de traballo realizado para os efectos de cómputo do baremo.	Texto aclaratorio do acordo adoptado na acta nº 4 do ano 2000 da Comisión Permanente Central, constituída ao abeiro do decreto 89/1999, e na acta nº 29 do ano 2008, con respecto ao cómputo do tempo para a aplicación do artigo 9 do Decreto 37/2006, no relativo aos servizos prestados, no que se recollía o informe remitido pola Dirección Provincial do INEM da Coruña e que a Comisión adoptara como acordo: <i>“Con independencia de cal fora o número de horas diarias de traballo realizado entenderase como día cotizado cada día traballado máis a súa parte proporcional de descanso preceptivo. Así:</i> <i>Se a actividade laboral se realiza todos os días da semana (5 ou 6 días) se considera que se cotizaron todos os días da semana.</i> <i>Para os contratos de fin de semana a cada día traballado hai que engadir a parte proporcional de descanso que lle corresponde, que se obtén multiplicando cada un destes días traballados polo coeficiente 1,4, computándose como días completos as fraccións iguais ou superiores a 0,5 días”.</i>
Nº31 17/12/2008 Modificado Nº166 23/03/2022	Continuidade ocupación dun posto de traballo	Ratificación do acordo adoptado na acta nº 58 do ano 2000 da Comisión Permanente Central, constituída ao abeiro do decreto 89/1997, no relativo aos seguintes puntos: [...] 2.- O persoal laboral temporal ou interino, de ser o caso, que estea substituíndo a un/unha funcionario/a ou laboral fixo/a por permiso maternal seguirá ocupando o posto de traballo se este solicita a excedencia por coidade de fillo/a. 3.- Non se considerarán vacantes aqueles postos nos que os traballadores teñan dereito á reserva do posto de orixe coma poden ser adscricións temporais, comisións de servizos, traballos de superior categoría, permisos sen soldo etc ... [...] 5.- Os contratos de acumulación de tarefas, realizados para cubrir as necesidades dos servizos mentres se tramita a relación de postos de traballo non se poden converter en contratos de interinidade no caso de postos de nova creación. <i>Na xuntanza número 166 da Comisión Permanente de 23/03/2022 anúlense os epígrafes 1º e 4º do devandito acordo relativos ao persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a que ocupaban un posto non vacante ou en substitución doutra persoa que se converte en vacante a efectos de xestión das listas reguladas polo Decreto 37/2006.</i>

Nº31 17/12/2008	Cobertura de postos de traballo de inspectores de matadoiros.	Nos casos en que sexa necesario a cobertura de postos de traballo dos inspectores de matadoiros en períodos moi concretos que non poden ser cubertos co persoal que en cada momento se atope inscrito nas listas de substitucións por ser este insuficiente (vacacións de Nadal, Semana Santa, días festivos acumulables, etc..), poderase substituír a varios veterinarios cun só nomeamento sempre e cando esta substitución se faga por un período continuado de tempo. Na petición que faga a consellería ás distintas delegacións para realizar os chamamentos deberá concretarse dunha forma clara e precisa que período temporal cómpre cubrir (que deberá se ininterrompido) e cales son os veterinarios a substituír, de tal forma que se poida reflectir na aplicación informática o motivo do nomeamento, a que veterinarios se vai a substituír e cal será a duración deste. No caso de que un laboral temporal ou interino sexa citado nun só chamamento para cubrir varias prazas e nunha das substitucións se modifique o motivo da necesidade de cobertura do posto, sendo necesario cubrila de xeito independente (por exemplo si se fixo un chamamento para a cobertura por vacacións dos titulares e un deles causa baixa por IT sendo necesario facer unha nova citación), o seleccionado poderá optar por cumprir o resto das substitucións de xeito interrompido ou, cando se produza a interrupción na cadea de substitucións, quedar libre para ser chamado.
Nº62 20/12/2011	Contratación de persoas embarazadas no CAPD de Sarria e Redondela.	Dado que estes postos están catalogados como penosos e perigosos, a integrante seleccionada poderá renunciar ao posto de traballo sen que sexa excluída na devandita lista se se atopa en estado de xestación, pero en ningún caso este motivo pode ser causa da non formalización do contrato se a interesada manifesta a súa intención de ocupar o posto de traballo.
Nº71 21/11/2012	Admisión de solicitudes con listas pechadas.	Serán admitidas en listas pechadas as solicitudes daquelas persoas que superasen algunha proba do último proceso selectivo aínda que non se publicase o acto de elección de destino do persoal de novo ingreso, sen implicar isto ningunha modificación no criterio seguido para o baremo, xa que o artigo 9 a) do Decreto 37/2006 esixe que se puntúe o proceso selectivo unha vez publicado o resultado do acto de elección de destino.
Nº111 12/01/2017	Situación en listas do persoal laboral temporal declarado persoal laboral indefinido non fixo en virtude de sentenza firme.	O persoal laboral temporal que como consecuencia dunha sentenza firme sexa declarado persoal laboral indefinido non fixo quedará dispoñible para ser chamado polas listas de contratación reguladas polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

Nº113 21/03/2017 Modificada Nº141 26/09/2019 Acta nº 197 28/05/2025	Opción de mellora a vacantes para persoas que ocupen postos vacantes en entes. Anulación do acordo da Comisión Permanente, adoptado na acta núm. 113 do 21 de marzo de 2017, relativo á posibilidade de optar a un posto vacante por mellora por parte das persoas que ocupen prazas vacantes en entes, así como a súa modificación parcial recollida na acta da Comisión Permanente do 26 de setembro de 2019.	A cobertura dun posto de traballo vacante e con destino nun ente instrumental, de aceptación voluntaria para os/as candidatos/as, non implicará para a persoa seleccionada a perda da opción de mellora recollida no artigo 15 do Decreto 37/2006, polo que a citación para a cobertura do posto terá a consideración de non vacante para os efectos da xestión das listas. Acórdase anular o acordo da Comisión Permanente, constituída ao abeiro do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, adoptado na acta núm. 113 do 21 de marzo de 2017 e modificado parcialmente na acta núm. 141 da Comisión Permanente do 26 de setembro de 2019, relativo á posibilidade de optar a un posto vacante por mellora por parte das persoas que ocupen prazas vacantes en entes, e que continuación se transcribe: “A cobertura dun posto de traballo vacante e con destino nun ente instrumental, de aceptación voluntaria para os/as candidatos/as, non implicará para a persoa seleccionada a perda da opción de mellora recollida no artigo 15 do Decreto 37/2006, polo que a citación para a cobertura do posto terá a consideración de non vacante para os efectos da xestión das listas”. En consecuencia, os postos non vacantes e vacantes de entes citaranse de modo voluntario por non computar os servizos prestados, acudindo á orde de prelación de postos non vacantes ou vacantes que corresponda segundo o motivo da cobertura do posto, cos efectos que establece o decreto no artigo 15 do Decreto 37/2006 no caso de aceptar o posto.
Nº 162 03/11/2021	Situación en listas do persoal laboral temporal ou funcionario/a interino/a ao que se lle autoriza unha permuta	O persoal laboral temporal e funcionario interino que sexa adscrito a un novo posto como consecuencia da autorización dunha permuta pola Dirección Xeral da Función Pública quedará dispoñible para ser chamado polas listas reguladas no Decreto 37/2006
Nº 167 27/04/2022	Renuncia a un posto de carácter discontinuo e con xornada inferior ao 70%	Aplicase aos postos reservados a persoal funcionario o disposto nos artigos 15.1, parágrafo último e 18.1.c) do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, respecto aos postos reservados a persoal laboral con xornada igual ou inferior ao setenta por cento da xornada ordinaria e de carácter discontinuo cun período de actividade igual ou inferior a seis meses ao ano.
Nº 168 25/05/2022	Causa de forza maior por Covid-19	As persoas seleccionadas para prestar servizos en centros da Consellería de Política Social que nas probas realizadas por esta resulten positivas en Covid-19 e que, como consecuencia disto, a Consellería de Política Social comunique ao Servizo de Listas de Contratación Temporal que non poden desempeñar o posto para o que resultaron seleccionadas, serán suspendidas de oficio por tempo indefinido ata que presenten solicitude de reincorporación, sen que sexa necesario que se reúna a Comisión Permanente á que se lle dará conta na seguinte xuntanza.

Nº 179 18/10/2023	Acordo aplicable ás reclamacións que se presenten ante a Comisión nos casos nos que se reciba unha citación ofertando un posto ao día seguinte ao do cese.	Acordo aplicable ás reclamacións que se presenten ante a Comisión nos casos nos que se reciba unha citación ofertando un posto ao día seguinte ao do cese. A Comisión Permanente recibiu diversas reclamacións de persoas integrantes das listas en relación a que non dispoñen de tempo suficiente para que se lles faga efectiva a suspensión de chamamentos tras finalizar a prestación de servizos. Dado que a solicitude da suspensión de chamamentos require non estar prestando servizos e que dende a modificación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo Decreto 124/2016, do 8 de setembro, esta solicitude produce efectos o día seguinte ao da súa presentación, propónse e apróbase por unanimidade o seguinte acordo: "As persoas integrantes das listas que, tras prestar servizos por un chamamento das listas reguladas no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, fosen penalizadas por non aceptar un posto nunha cita xerada o día seguinte do cesamento, serán despenalizadas tras presentar unha alegación dirixida á Comisión Permanente."
Nº 185 17/04/2024	Anulación do acordo "Citacións por mellora de posto" recollido no punto duodécimo da acta núm. 4 do 15/03/2007, ampliado na acta núm. 104 do 21/06/2016, e adopción dun novo de aplicación ás persoas integrantes da lista que son citadas en aplicación do artigo 15.1.	A Comisión Permanente para evitar o prexuízo causado ao interese público pola non incorporación das persoas que aceptan os postos ofertados ao abeiro do artigo 15.1, por estar en situación de incapacidade temporal, acorda anular o acordo recollido na acta núm. 4 do 15 de marzo de 2007 e adoptar un novo acordo nos seguintes termos: <i>"As persoas que non poden solicitar a suspensión dos chamamentos por estar prestando servizos como consecuencia dun chamamento realizado ao amparo do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, ás que se lles oferte un posto vacante ao que non se poidan incorporar por causas de saúde, recuperarán a opción do artigo 15.1 do dito decreto <u>sempre que non acepten o posto ofertado</u> e presenten reclamación dirixida á Comisión Permanente acreditando as causas de saúde cun parte de baixa, informe de saúde ou certificado de ingreso hospitalario.</i> <i>Así mesmo, as persoas que acepten o posto recuperarán a opción do artigo 15.1 sempre que o período comprendido entre a citación e a incorporación ao posto coincida cunha causa de forza maior acreditada segundo o recollido na acta núm. 1 do 8 de febreiro de 2007 e as súas modificacións."</i> No caso das persoas que non poden solicitar a suspensión dos chamamentos por estar prestando servizos como consecuencia dun chamamento realizado ao amparo do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, ás que se lles oferte un posto vacante ao que non se incorporen porque se atopan desfrutando dun permiso por parto, do permiso por adopción ou acollemento ou do permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo e lles sexa ofertado un posto vacante como mellora, caso de non aceptar á citación non lles será consumida a opción de mellora. As persoas interesadas deberán presentar: <i>-Suposto de parto: certificado médico oficial, certificado do nacemento do Rexistro Civil ou presentación do libro de familia que acredite a data en que se produciu o nacemento.</i> <i>-Adopción ou acollida preadoptiva, permanente ou simple: resolución administrativa ou xudicial da adopción ou da acollida, na cal conste, se é o caso, o carácter internacional da adopción ou da acollida. "</i>

Acta nº 198 02-07-2025	Acordo da Comisión Permanente aplicable ás persoas que, sendo citadas para substituír un permiso para acudir a un exame dun proceso selectivo, rexeiten o posto por acudir ao mesmo exame.	A Comisión Permanente no súa acta núm. 8 do 9 de maio de 2007, no seu punto sétimo recolle un acordo en relación a despenalizar ás persoas que, sendo citadas para substituír un permiso para acudir a un exame do SERGAS, rexeiten o posto por acudir ao mesmo exame. Este acordo foi retomado na acta núm. 39, do 27 de outubro de 2009 en relación a unhas novas probas do SERGAS, exceptuando a Comisión Permanente de ter que reunirse a dita comisión para darlle efectividade ao acordo no caso que se acreditasen os requisitos de modo excepcional. Na acta núm. 101, do 20 de xaneiro de 2016 recóllese un acordo similar en relación a un novo proceso selectivo do SERGAS. Posteriormente estes acordos foron aplicándose de forma individual a distintos procesos selectivos, dándose conta á Comisión Permanente. Tras debater a situación por parte dos membros da Comisión na súa xuntanza do 28 de maio de 2025, decídese adoptar o seguinte acordo que clarifica e estende os citados: “As persoas citadas para substituír un permiso para acudir a un exame dun proceso selectivo que resulten penalizadas por non aceptar o posto na citación, serán despenalizadas sempre que presenten unha reclamación dirixida á Comisión Permanente na que acrediten, co certificado de asistencia ao exame, que acudiron ao mesmo proceso selectivo. O Servizo de Listas de Contratación Temporal despenalizará á persoa unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos, dándolle traslado á comisión na seguinte xuntanza.”
-----------------------------------	--	---